



PROGRAMACIÓN GRUPO A outubro – decembro 2017

El vino de la soledad, de Irène Némirovsky



A novela máis persoal e autobiográfica de Irene Némirovsky. Cunha mirada intelixente e aceda, a novela segue á pequena Elena dos oito anos á maioría de idade, desde Ucraína ata San Petersburgo, Finlandia e finalmente París, onde a familia instálase tras o estalido da revolución rusa.

Entrega: 9 outubro

Comentario: 25 outubro (inicio da tertulia)

Patria, de Fernando Aramburu



O día en que ETA anuncia o abandono das armas, Bittori diríxese ao cemiterio para contarlle á tumba do seu marido o Txato, asasinado polos terroristas, que decidiu volver á casa onde viviron. Poderá convivir con quen a acosou antes e despois do atentado que trastornou a súa vida e a da súa familia? Poderá saber quen foi o encapuchado que un día chuvioso matou o seu marido, cando volvía da súa empresa de transportes?

Entrega: 25 outubro

Comentario: 8 novembro

La liebre con ojos de ámbar, de Edmund de Waal



Máis de duascenas figuritas de madeira e marfil, ningunha delas maior que unha caixa de mistos, son a orixe deste fascinante libro no que Edmund de Waal describe a viaxe que fixeron ao longo dos anos. Unha viaxe chea de aventuras, de guerra, de amor e de perda, que resume, na historia dunha familia, a historia de Europa nos séculos XIX e XX.

Entrega: 8 novembro

Comentario: 22 novembro

Onde houbo lume, de Marica Campo



Os perfís e as aristas de once mulleres flúen mercé a memoria de Rodrigo, un secretario xudicial de certa idade. Vivencias, lembranzas, conxecturas arredor dunha serie de vidas femininas, truncadas por moi diversas e ben posibles razóns. Unha ollada descriptiva ao rol que lle correspondeu vivir a moitas mulleres desde finais do XIX ata os anos oitenta do pasado século, sen deixar de realizar unha chiscadela efectiva á realidade da inmigración.

Entrega: 22 novembro

Comentario: 20 decembro

De noche, bajo el puente de piedra, de Leo Perutz



Historia de historias, relato de relatos ambientado na Praga do século XVI, "*De noche, bajo el puente de piedra*" fálanos do emperador Rodolfo II, rei de Bohemia e emperador do Sacro Imperio, amante das artes e paranoico; do gran rabino Loew, místico e vidente; e do riquísimo xudeu Mordejai Meisl e a súa bela esposa Esther, elo entre a corte e o gueto.

Entrega: 20 decembro

Comentario: 17 xaneiro